

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONES DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Por resolución da Xefa Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acordouse conceder unha subvención de 13.750,00 euros, para o proxecto “MANTEMENTO FORESTAL DE CAMIÑOS E MARXES FLUVIAIS NO CONCELLO DE MURAS 2020”

Vista a necesidade de contratación de 1 peón para o proxecto de emprego financiado pola citada Xefatura Territorial, a desenvolver no concello de Muras.

Vista a listaxe de persoal presentada pola oficina de Servizo Público de Emprego de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 21.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista de aspirantes admitidos que a seguir se relacionan:

Nome e apelidos	D.N.I
Fernando Martín Bono González	C5952****
Jose Antonio Candia Ramudo	7656****R
Carlos Carballes Penabad	3330****X
Servando Freire Franco	3330****P
Manuel Luis Gómez Rodríguez	3384****D
Generoso Pernas Pardo	3330****R
Hector Rouco Fernández	3359****J

SEGUNDO.- Publicar a relación definitiva de admitidos no Taboleiro de Anuncios do Concello. Así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.muras.gal

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo e estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora Administración Local.

Secretario: D. Jose Orosa González, funcionario Administración Local.

Vogal: D. Jose Antonio Castro Sierra, funcionario de Administración Local.



CUARTO.- Facer pública a presente resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web. Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 26 de xuño de 2020 as 10:00 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal e avaliación de méritos da fase de concurso, e sinalar como data para a realización das probas da fase da selección o mesmo **día 26 de xuño de 2020 as 11:00 horas** no Local Social do Concello de Muras, sita en Avda. Unión Murense en Muras, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

SEXTO.- Todos os aspirantes deberán levar mascarilla obrigatoria correctamente posta. No interior da aula, unha vez sentados todos os aspirantes e garantida unha separación corporal de al menos 1,5 metros; os aspirantes NON poderán retirar a súa mascarilla. Na sala na que se realicen exames se disporá un dispensador de xel hidro –alcohólico para o seu uso ao acceder a aula. Durante a celebración do exame os aspirantes seguirán as instrucións dos membros do tribunal. Durante a celebración do exame non se permitirá o intercambio de material entre os aspirantes: bolígrafos, lápices, gomas.... Cada aspirante utilizará o material co que acudirá a realizar as probas. Igualmente os membros do tribunal non facilitarán ningún material aos aspirantes.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

